

PROXECTO DE GRUPO DE TRABAJO:

“Actualización das Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF)”

(antigo “Regulamento de Réxime Interno”)

CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro - Ferrol

Curso 2014 - 2015

Guía - índice:

1.- Título do Grupo de Traballo:

2.- Xustificación, que deberá contemplar, entre outros, os seguintes aspectos:

- 2.1.-Punto de partida do grupo no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo).
- 2.2.- Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
- 2.3.- Autoavaliación da práctica educativa da que se parte.
- 2.4.- Importancia do proxecto para a práctica pedagóxica do grupo de participantes.

3.- Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente.

4.- Programa de contidos e actividades coa súa temporalización.

5.- Metodoloxía e procedementos de traballo previstos que se pretende seguir.

6.- Organización de recursos humanos e materiais.

7.- Criterios de avaliación: establecemento de criterios e indicadores de procesos para a avaliación dos diferentes aspectos do proxecto e da súa repercusión na práctica educativa referentes, polo menos, aos seguintes aspectos:

- 7.1.- Análise e valoración das producións do grupo.
- 7.2.- Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.
- 7.3.- Metodoloxía empregada.
- 7.4.- Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.
- 7.5.- Organización dos recursos humanos e materiais.
- 7.6.- Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto.
- 7.7.- Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.

8.- Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto.

9.- Necesidades orzamentarias, de acordo co establecido nas bases da convocatoria.

10.- Indicación expresa de que para este grupo de traballo non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.

1.- TÍTULO DO GRUPO DE TRABALLO:

“ACTUALIZACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO (NOF)”

2.- XUSTIFICACIÓN:

2.1.- Os puntos de partida do grupo no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo) son os seguintes:

a) As Normas de Organización e Funcionamento en vigor (o anteriormente chamado Regulamento de Réxime Interno) foron confeccionadas nos tempos anteriores á conversión do centro en CIFP e fixéronse no amparo da normativa que, na actualidade, está derogada.

b) As persoas participantes no proxecto non posúen formación específica na materia e a súa experiencia é a derivada do traballo diario no desempeño da súa profesión.

2.2.- Detección de necesidades para a identificación da área de mellora:

Durante os últimos anos académicos, e por diversos motivos, déronse situacións de certa conflictividade na convivencia na aula o que provocou que certa parte do profesorado do centro, incluída a dirección do mesmo, e ante a ausencia de unha normativa clara actual, sentisen a necesidade de abordar a reelaboración e actualización do antigo Regulamento de Réxime Interno.

2.3.- Autoavaliación da práctica educativa da que se parte.

Non procede pola temática do proxecto.

2.4.- Importancia do proxecto para a práctica pedagóxica do grupo de participantes.

Non procede pola temática do proxecto, se ben o feito de ter un marco regulador coherente e coñecido por todo o claustro, redundará na mellora da convivencia e, en consecuencia, do traballo.

3.- OBXECTIVOS:

Pódense fixar como obxectivos os seguintes puntos:

1. Fomentar a actualización lexislativa do profesorado participante no grupo de traballo no referente á normativa de convivencia no centro
2. Elaborar un regulamento con criterios o máis consensuados posibles e, deste xeito, teña unha posterior aplicación unificada.
3. Concienciar aos participantes na importancia do emprego correcto dos criterios recollidos no regulamento cara a actividade educativa diaria.
4. Actualizar o Regulamento de Réxime Interno
5. Analizar a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade

- educativa e adaptala ao centro.
6. Obter un texto refundido de normas que regulen e incidan directamente na mellora da convivencia no centro.
 7. Adaptar a práctica docente á lexislación vixente.

4.- PROGRAMA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES:

Os contidos e actividades a levar a cabo son:

1. Recollida de documentación legal e administrativa, onde se inclúe o Regulamento antigo.
2. Análise da documentación recollida.
3. Formación técnica para a elaboración correcta das Normas de Organización e Funcionamento de centro.
4. Refundición nun único documento de todas as normas que se considere son importantes para o bo funcionamento do centro e polo tanto deben estar recollidas no novo regulamento.
5. Redacción dun texto definitivo único.
6. Aprobación do novo texto polos órganos representativos do centro .
7. Divulgación do novo regulamento entre todos os colectivos que integran a comunidade educativa.

5.- METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS DE TRABAJO:

A metodoloxía que se vai desenrolar para acadar os obxectivos deste proxecto basearase, de forma xenérica, nos principios de individualización e participación. De tal xeito que se organizará un reparto de actividades para cada sesión e un traballo de forma individual e colectiva.

En cada sesión farase unha distribución de tarefas de forma individual ou en pequenos grupos, e marcaranse temas a tratar, así na seguinte xuntanza se exporá o traballo individual ou do pequeno grupo e será o conxunto do grupo de traballo o que decida as medidas máis axeitadas a levar a cabo.

Será función do coordinador con axuda do xefe de estudos do centro, así como da secretaria do mesmo, procurar e aportar materiais e documentación ós membros do grupo para o seu traballo individual, sempre contando coa axuda do asesor do CEFOR. Tamén se encargará da distribución de tarefas e da redacción das actas de reunión do grupo.

As actividades que fan referencia a organización, previsión de necesidades e dotación material realizaranse en conxunto para poder recoller o sentir de todos os seus membros.

O procedemento que se seguirá é o de traballo en conxunto con todos os participantes, en pequenos grupos ou de forma individualizada, distribuíndose as tarefas en función das necesidades e preferencias de cada membro e da actividade.

Todos os participantes do grupo colaborarán na redacción da memoria final do traballo feito o longo do curso, así coma na redacción das novas *Normas de Organización e Funcionamento* do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro.

Preténdese contar coa colaboración de algún experto para a impartición de sesións teórico-prácticas.

6.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:

Os recursos humanos son os participantes no grupo en sí e, no seu caso, algún relator de forma puntual.

A formación docente dos participantes no grupo será levada a cabo por especialistas concertados previamente co Cefore e a súas sesións realizaránse, en principio, nas instalacións do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro ou, no ser o caso, no propio Cefore de Ferrol.

En canto ós recursos materiais, será o coordinador o que se encargue da súa adquisición cando se faga efectiva a dotación económica prevista.

Posteriormente farase un reparto do material en función das necesidades previstas e demandadas polos membros do grupo.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

7.1.- Análise e valoración das producións do grupo.

Farase unha autoavaliación en cada sesión donde se reúna o grupo e tomaranse decisións sobre a conveniencia das medidas adoptadas en cada momento.

A docencia valorarase polo grupo en función dos resultados obtidos no que se refire a coñecementos adquiridos por o grupo a través de dita docencia e da súa utilidade práctica á hora da implementación de ditos coñecementos no desenvolvemento e na redacción das novas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

7.2.- Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.

Dada a temática do proxecto, e como se dixo nun anterior punto, non procede falar de aplicacións e repercusións directas do proxecto na práctica educativa, se ben o feito de ter un marco regulador coherente e coñecido por todo o claustro, redundará na mellora da convivencia e, en consecuencia, do traballo.

7.3.- Metodoloxía empregada.

Empregaremos unha avaliación continua de todo o proceso e dos pasos que o compoñen.

No caso da non consecución dos obxetivos marcados dentro da súa temporalización, estudaranse novas formas de actuación para corrixir as desviacións detectadas.

7.4.- Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.

Para a avaliación do grao de satisfacción do grupo co traballo realizado faránse enquisas individuais e de conxunto en cada reunión e abrirase un turno de intervencións no caso de que algún considere oportuno facer algunha proposta.

7.5.- Organización dos recursos humanos e materiais.

Farase un control por parte de todos os membros do grupo e, en particular, polo coordinador de forma periódica, para comprobar que se están cumprindo os obxetivos relacionados cos recursos, tanto humanos como materiais, marcados neste proxecto

7.6.- Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto.

Se reflectirá, na memoria final do grupo de traballo, a avaliación sobre os logros acadados polo grupo, sobre as incidencias que poideron xurdir e as reflexións realizadas ó longo do traballo.

7.7.- Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.

Para medir o nivel de logro acadado e, en consecuencia, poder propoñer melloras, a mellor ferramenta é comprobar na práctica que as novas Normas de Organización e Funcionamento do centro responde as necesidades do centro e se aplica correctamente para o logro dun mellor clima de convivencia no mesmo.

Lóxicamente este traballo desenvolverase ao longo do vindeiro curso de tal xeito que, cando se detecten fallos, se prescriban variacións nos procedementos para a súa posterior mellora.

8.- TEMPORALIZACIÓN:

O traballo pretende realizarse no 2º e 3º trimestres do actual curso 2014 - 2015 e, en principio, prevense unha reunión mensual de catro horas de duración (de 17:00 a 21:00 h.) con todos os compoñentes do grupo de traballo, mais as horas de docente e de traballo individualizado.

Polo tanto, o calendario de traballo quedaría como sigue:

2º Trimestre:

Xaneiro:	mérc. 14:	Recopilación e análise de documentación Reparto de traballo individualizado	4 h.
	mérc. 21	Sesión de formación	3 h.
		Sesiones individualizadas:	4 h.
Febreiro:	mérc. 4:	Análise do traballo feito Propostas	4 h.
		Sesiones individualizadas:	4 h.
Marzo:	mérc. 4:	Análise do traballo feito Propostas	4 h.
		Sesiones individualizadas:	4 h.

3º Trimestre:

Abril:	mérc. 8:	Análise do traballo feito Propostas	4 h.
	mérc. 15:	Sesión de formación	3 h.
		Sesiones individualizadas:	4 h.
Maio:	mérc. 6:	Análise do traballo feito	4 h.
		Propostas Redacción das NOF	
		Sesiones individualizadas:	4 h.
Xuño:	mérc. 3:	Avaliación final do proxecto Elaboración da memoria final	4 h.
		Duración total do proxecto:	50 h.

9.- NECESIDADES ORZAMENTARIAS:

Para a consecución dos obxetivos e facer fronte os gastos correntes das actividades a levar a cabo, fai previstas unhas necesidades económicas distribuídas do seguinte xeito, considerando dúas sesións de formación:

Docencia:	800 Euros
Material funxible e bibliografía:	100 Euros
Desprazamentos:	300 Euros
Total:	1200 Euros

10.- INDICACIÓN EXPRESA:

Este grupo de traballo non recibiu nin ten solicitada ningunha outra achega económica.

Ferrol, 7 de novembro de 2014

O coordinador,

Asdo.: Fco. Javier Aulet Barros